

SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (ACTUALMENTE CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL) E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA IMPULSAR ACCIÓNS NO CAMPUS TERRA COMO CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN ACREDITADO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (SUG)

Santiago de Compostela, [data da súa sinatura dixital]

COMPARECEN

Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en adiante, a Consellería), nomeado mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm.73 do 14.04.2024), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm.82, do 30 de abril).

Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 85 do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os seus Estatutos (DOG núm. 29 do 12 de febreiro).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas

EXPOÑEN



PRIMEIRO.- A Consellería regulou no ano 2019 o procedemento de acreditación dos campus de especialización do SUG, en virtude do cal, cada campus debidamente acreditado dará lugar á posibilidade de sinatura dun convenio de colaboración que contribuirá ao financiamento das actividades desenvolvidas. O procedemento mencionado estableceuse na Orde do 10 de setembro de 2019 que regula o procedemento para a acreditación dos campus de especialización do SUG (ED442B), publicado no DOG núm. 177, do 18 de setembro de 2019.

O Campus Terra da USC foi o segundo, tras o Campus Industrial de Ferrol, que obtivo a acreditación como campus de especialización do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Esta acreditación foi concedida por un período de **catro anos**, segundo quedou establecido na *Resolución do 10 de agosto de 2021 pola que se acredita o Campus Terra como campus de especialización do Sistema Universitario de Galicia (SUG), de acordo co procedemento establecido na Orde citada no parágrafo anterior*, publicada no DOG núm. 173, do 8 de setembro de 2021.

SEGUNDO.- O 6 de setembro de 2021 asinouse o Protocolo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela para establecer o sistema do seguimento do desempeño do Campus Terra como campus de especialización do Sistema Universitario de Galicia.

O 27 de xullo de 2022 formalizouse o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para impulsar accións no Campus Terra como campus de especialización acreditado do Sistema Universitario de Galicia (SUG), para as anualidades 2022, 2023, 2024 e 2025, e que ten por obxecto o desenvolvemento de actuacións estratéxicas co fin de dotar ao Campus terra dunha identidade propia, estreitamente ligada ás potencialidades económicas da súa contorna, así como dunha maior visibilidade que garante o seu futuro, tanto a nivel nacional como internacional, tendo en conta o establecido na súa resolución de acreditación.

TERCEIRO.- A dotación da Consellería para este convenio foi de catro millón setecentos oitenta e cinco euros (4.000.785,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro).



Na cláusula primeira do convenio detállanse as actuacións por anualidades e a súa distribución, que quedaron establecidas segundo se recolle na Táboa 1.

Táboa 1. Distribución dos orzamentos por Dimensións Convenio Campus Terra 2022-2025.

ACTUACIÓNS		2022	2023	2024	2025	Suma €
1.Gobernanza						
1.1.	1.1. Implementación Comisión Avaliadora Externa e Dirección	17.700	10.700	10.700	10.700	49.800
	1.2. Desprazamentos dietas Comisión Económico-Social e conferencias temáticas	9.500	2.500	2.500	2.500	17.000
2.Docencia e Comunicación						
	2.1. Desenvolvemento novo modelo de titulacións	47.490	35.000	31.000	29.000	142.490
	2.2. Mellorar a calidade docente	228.394	130.000	130.000	95.000	583.394
	2.3. Favorecer a empregabilidade	41.901	40.581	40.581	20.791	143.854
	2.4. Plan comunicación reforzo marca Campus Terra	30.000	16.000	15.000	15.000	76.000
3.Investigación						
	3.1. Reforzo estruturas investigación	-	45.000	30.000	15.000	90.000
	3.2. Potenciar a carreira investigadora	231.934	641.752	558.068	399.193	1.830.947
	3.3. Colaboración entre grupos e participación en redes	135.000	110.000	85.000	20.000	350.000
	3.4. Participación en proxectos internacionais	24.132	32.000	33.000	30.000	119.132
	3.5. Contratación técnico/a de Innovación e Xestión I+D+i	35.868	41.000	42.000	32.250	151.118
4.Interacción co tecido produtivo						
	4.1. Ferramenta dixital contacto único servizos e infraestruturas do Campus	8.153	8.847	4.000	4.000	25.000
	4.2. Formación continua sector produtivo	3.800	4.000	4.000	2.000	13.800
	4.3. Impulso plataformas tecnolóxicas	27.300	24.000	24.000	15.000	90.300
	4.4. Programas de valorización e protección de resultados	600	22.100	22.100	21.900	66.700
	4.5. Actividades de transferencia innovación	29.144	25.000	24.000	18.000	96.144
	4.6. Contratación técnico/a de Transferencia	33.856	41.000	42.000	32.250	149.106
5.Información pública e transparencia						
	5.2. Informe anual e estudo impacto entorno	1.500	1.500	1.500	1.500	6.000
TOTAIS		906.272	1.230.980	1.099.449	764.084	4.000.785

CUARTO.- Tras unha análise dos gastos efectuados nos anos 2022 e 2023, a USC solicitou poder facer algunhas modificacións -para a anualidade 2024- que non implicaban movementos entre as distintas dimensións e mantiñan a cantidade do cómputo anual para 2024 establecida en 1.099.449 €. As modificacións afectaron



as seguintes actuacións: 2. Docencia e Comunicación, 3. Investigación e 4. Interacción co tecido produtivo.

En consecuencia, o 16 de maio de 2024, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) asinaron unha primeira addenda ao convenio de colaboración para impulsar accións no campus Terra como campus de especialización acreditado do sistema universitario de Galicia (SUG).

QUINTO.- Así mesmo, tras unha análise dos gastos efectuados nos anos 2022, 2023 e 2024, a USC solicita poder facer algunhas modificacións -para a anualidade 2025- que non implican movementos entre as distintas dimensións e manteñen a cantidade do cómputo anual para o 2025, que está establecida en 764.084 €.

O 21 de xullo de 2025, o reitor da USC presenta, a través do Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, unha proposta de modificación do convenio, derivada do proceso de implementación e desenvolvemento das actuacións previstas neste, considerándose imprescindibles para dar cumprimento ás liñas estratéxicas do Campus Terra en 2025.

As modificacións afectarían as seguintes dimensións: **2. Docencia e Comunicación, 3. Investigación e 4. Interacción co tecido produtivo.**

SEXTO.- As actuacións enmárcanse na RIS3 de Galicia 2021-2027, respondendo aos retos 1 (modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación) e 3 (modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo da poboación), e ás tres prioridades. Atenden ao obxectivo estratéxico 1, que busca acadar un ecosistema máis aberto e integrado, facilitando a colaboración e o aliñamento coa especialización de Galicia, integrándose, polo tanto, no programa Integra.

En consideración ao exposto anteriormente, as partes asinantes acordan celebrar a presente addenda que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- **Obxecto**

A presente addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de



Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para impulsar accións no Campus Terra como campus de especialización acreditado do Sistema Universitario de Galicia (SUG) ten por obxecto facer algunhas modificacións, para a anualidade 2025, que non implican movementos entre as distintas dimensións e manteñen a cantidade do cómputo anual para 2025, que está establecida en 764.084 €.

Todas as actuacións do Campus Terra e as modificacións incluídas nesta addenda desenvolveranse no marco das liñas de especialización polas que se outorgou a acreditación: Producción Vexetal e Agricultura Sostible, Producción e Saúde Animal Sostibles, Alimentación Segura e Saudable e Xestión Forestal Sostible, sendo liñas transversais: Tecnoloxías Facilitadoras, Ómicas e TICS, Cambio Climático e Biodiversidade e Infraestruturas Verdes.

As modificacións afectarían as seguintes dimensións: 2. Docencia e Comunicación, 3. Investigación e 4. Interacción co Tecido Produtivo.

Dimensión 2. Docencia e Comunicación

Nesta dimensión o importe orzamentado para o punto **2.4. Comunicación** (que dispón de 15.000 €) resulta insuficiente para levar a cabo as accións que se veñen facendo nos últimos dous anos. A experiencia de anos anteriores e despois da implementación de novas redes sociais, elaboración dun blog de Campus Terra, Newsletter mensual e inclusión na plataforma Innova Campo Galego, o orzamento necesario é superior a 30.000 €.

Por este motivo, propónse reforzar este apartado, detraendo **7.000 €** euros do epígrafe *Estratexia Titulacións*, **4.000 €** do epígrafe *Novos máster/formación dual* e **5.000 €** de *Formación continua ao alumnado*, dentro da actuación **2.1. Desenvolvemento novo modelo de Titulacións Campus Terra**, conforme se indica na Táboa 2.

Táboa 2. Cambios propostos para a Dimensión Docencia/Comunicación ano 2025.

DIMENSIÓN DOCENCIA/COMUNICACIÓN 2025	Previsto (€)	Proposta (€)	Variación (€)
2.1. Desenvolvemento novo modelo de Titulacións Campus Terra	29.000	13.000	-16.000
Estratexia Titulacións	20.000	13.000	-7.000
Novos máster/formación dual	4.000	0	-4.000
Formación continua alumnado	5.000	0	-5.000
2.2. Mellorar a calidade da docencia	95.000	95.000	0
Formación profesorado	5.000	5.000	0
Equipamentos docentes	71.000	71.000	0
Seminarios impartidos por expertos sector produtivo	4.000	4.000	0



Selos de calidade	15.000	15.000	0
2.3. Favorecer a empregabilidade	20.791	20.791	0
Formación transversal alumnado	5.000	5.000	0
Programa prácticas no rural	15.791	15.791	0
2.4. Desenvolver un plan de comunicación para reforzar a marca Campus Terra	15.000	31.000	+16.000
Accións de Comunicación	15.000	31.000	+16.000
Totais	159.791	159.791	0

Dimensión 3. Investigación

Modificación de custos:

No apartado **3.1. Novas estruturas para fortalecer a Investigación**, propoñíase crear e manter novos departamentos ou seccións departamentais en determinadas facultades de Campus Terra. Para analizar esta situación, no ano 2024 levouse a cabo un estudo sobre a necesidade de dita creación, pero no contexto normativo vixente, sen ter sido aprobados aínda os novos estatutos da Universidade, e cun novo proceso electoral nun futuro próximo, non parece axeitado abordar esta actuación, en tanto non se definan claramente os criterios que deben acompañar a creación, modificación ou supresión destas unidades. Dentro deste apartado 3.1, non estaba previsto ningún orzamento para o ano 2025, en canto a creación dun instituto ou cento de excelencia, pero dado o retraso na creación do mesmo, destinaranse **5.000 €** do montante total deste apartado para poder costear parte dos gastos de consultoría levados a cabo en 2025. Os **10.000 €** restantes serán empregados para outros apartados desta Dimensión onde máis se necesite, como é o apartado **3.2. Potenciar a carreira investigadora/relevoperacional** e o apartado **3.5. Contratación do/da Técnico/a Superior de Investigación**, dada a subida dos custes salariais das distintas persoas contratadas consecuencia dos acordos aplicables nas administracións públicas nos últimos anos.

Por outro lado, nesta dimensión de Investigación, tendo en conta o gastado nos mesmos epígrafes no bienio anterior, detectouse que certos subapartados precisan maior aporte económico para cumprir cos compromisos adquiridos, en tanto que noutros poderíase reducir a súa asignación.

O remate dun contrato predoutoral financiado na convocatoria de 2023 en xaneiro de 2025 fai que quede dispoñible un crédito de **16.400 €**.

Cabe tamén sinalar que un dos investigadores Ramón y Cajal xa adquiriu a condición de profesor titular, en consecuencia soamente é preciso asignar financiación por obxectivos para un investigador Ramón y Cajal (para o cal é suficiente un montante de **17.000 €**).



Por outro lado, este ano é importante incrementar o gasto en *Formación en competencias transversais para investigadores predoutorais e posdoutorais* dada a elevada demanda solicitada, restando para elo **2.200 €** ao subapartado *Programa de mentorización de investigadores mozos e mozas*, e de **4.125 €** do *Reforzo de programas doutorais* do que non é preciso acometer ese gasto, xa que deste reforzo encárgase a nivel institucional a Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS). Tamén se reduce a dotación a asociación Agromar en **1.000 €**.

Faise tamén preciso reducir o importe asignado á participación en redes internacionais e mobilidade en **19.334 €**, dado que para este tipo de actuacións, en 2025, os investigadores poden contar con apoios doutras convocatorias institucionais.

Por outro lado, para axudar a compensar os incrementos salariais do persoal investigador (predoutorais, posdoutorais), o contrato do técnico de Innovación e Xestión de I+D+i e a alta demanda na formación en competencias transversais para investigadores, propónse reducir a cero a asignación económica do subapartado *Candidaturas Horizonte EU* do apartado 3.4, sendo asumidos os gastos deste subapartado nesta ocasión pola USC.

O conxunto das minoracións anteriormente descritas serían revertidas nos seguintes apartados:

3.1. Proposta de creación dun instituto ou centro de investigación (5.000 €).

3.2. Carreira Investigadora. Para compensar o incremento dos costes salariais de predoutorais e posdoutorais, da convocatoria do ano 2022, precísanse 50.840 euros adicionais ao estimado no convenio inicial para 2025.

Complementariamente precísase incrementar a dotación prevista para *Formación competencias transversais de investigadores mozos/as*, para facer fronte a unha maior demanda de accións formativas solicitadas por este colectivo.

3.3. Proxectos Colaborativos. Para un axeitado desenvolvemento dos proxectos colaborativos convocados na anualidade 2024, ofreceuse a posibilidade de que executasen o gasto acorde coas necesidades dos proxectos. Así, catro proxectos non executaron todos os fondos que lles foron concedidos nesa anualidade, polo que foi preciso engadir, en 2025 nesta actuación, **16.000 €** que lles permitiron adquirir os materiais precisos para completar os seus proxectos.

3.5. Contratación Técnico Superior de Innovación e Xestión I+D+i. O custe deste técnico en 2025, acorde coa normativa laboral da USC, estímase que ascenderá a 54.044 € polo que se precisan **21.794 €** a maiores da cifra asignada.

Na Táboa 3 móstranse as modificacións realizadas na Dimensión Investigación:



Táboa 3. Cambios propostos para a Dimensión Investigación. Anualidade 2025.

DIMENSIÓN INVESTIGACIÓN 2025	No.	Previsto (€)	Proposta (€)	Variación (€)
3.1. Novas estruturas para fortalecer a Investigación		15.000	5.000	-10.000
Novas estruturas departamentais		15.000	0	-15.000
Proposta de creación dun instituto ou centro de excelencia		0	5.000	+5.000
3.2. Potenciar a carreira investigadora/relevoxeracional		399.193	420.733	+21.540
Bolsas/contratos de Iniciación Investigación*	21	67.368	67.368	0
Predoutorais (2022)	6	72.000	114.869	+42.869
Predoutorais (2023)	6	145.000	128.600	-16.400
Posdoutorais (2022)	3	70.000	77.971	+7.971
Suplementos <i>Ramón y Cajal</i> (17.000€/ano)	1	34.000	17.000	-17.000
Formación competencias transversais investigadores predoutorais/posdoutorais		3.000	14.425	+11.425
Reforzo programas doutorais		4.125	0	-4.125
Programa de mentorización de investigadores mozos/as		2.200	0	-2.200
Eventos organizados por asociación Agromar		1.500	500	-1.000
3.3. Potenciar a colaboración entre grupos e participación en redes		20.000	16.666	-3.334
Proxectos colaborativos		0	16.000	+16.000
Participación en redes internacionais e mobilidade		20.000	666	-19.334
3.4. Participar en proxectos internacionais		30.000	0	-30.000
Candidaturas Horizonte EU		30.000	0	-30.000
3.5. Contratación técnico/a de Innovación e Xestión I+D+i		32.250	54.044	+21.794
Técnico/a de Innovación e Xestión I+D+i		32.250	54.044	+21.794
Totais		496.443	496.443	0

Dimensión 4. Interacción co tecido produtivo

Nesta Dimensión debe ser tida en conta a subida dos custes salariais da persoa contratada "Técnico/a de Xestión de Transferencia" como consecuencia dos acordos aplicables nas administracións públicas, o que supón un incremento de 19.250 €. Por este motivo, se detraen **4.000 €** da acción de elaboración do punto de información centralizada de servizos e infraestruturas que ofertan os grupos de investigación do Campus Terra (PICTerra), plataforma que xa está preparada para que sexa utilizada polas potenciais persoas usuarias.

Por outro lado, réstanse **8.522 €** do apartado 4.3. Impulso das plataformas tecnolóxicas do Campus Terra, detráense **728 €** da actividade "Programas proba-concepto" e **6.000 €** que se restan da organización de Xornadas de Emprendemento (faranse as mesmas actividades que nos últimos anos, pero nesta



anualidade contarase coa axuda da Área de Valorización e Transferencia da USC para suplir o déficit (Táboa 4):

Táboa 4. Cambios propostos para a Dimensión Interacción co tecido produtivo. Anualidade 2025.

DIMENSIÓN TECIDO PRODUTIVO	Previsto (€)	Proposta (€)	Variación (€)
4.1. Carteira de servizos e infraestruturas do Campus Terra ao dispor do sector produtivo	4.000	0	-4.000
Ferramenta dixital contacto único	4.000	0	-4.000
4.2. Formación a demanda para profesionais dos sectores produtivos	2.000	2.000	0
Formación continua sector produtivo	2.000	2.000	0
4.3. Impulso das plataformas tecnolóxicas do Campus Terra	15.000	6.478	-8.522
Impulso plataformas	15.000	6.478	-8.522
4.4. Programas de valorización e protección de resultados de investigación	21.900	21.172	-728
Xornadas formativas temáticas sobre protección e valorización de resultados	400	400	0
Programas proba-concepto	21.500	20.772	-728
4.5. Actividades de transferencia e innovación	18.000	12.000	-6.000
Xornadas sectoriais Universidade-Empresa e programas/eventos de emprendemento	18.000	12.000	-6.000
4.6. Contratación técnico/a de Transferencia	32.250	51.500	+19.250
Técnico/a de Transferencia	32.250	51.500	+19.250
TOTAIS	93.150	93.150	0

SEGUNDA.- Orzamento

A dotación para esta addenda non supón alteración algunha do establecido no convenio do que trae causa, sendo esta de 4.000.785 €, con cargo á aplicación orzamentaria 37.02.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro).

A distribución dos importes, conforme ao recollido na cláusula primeira, quedará establecida como segue na Táboa 5:



Táboa 5. Distribución dos orzamentos por Dimensións Convenio Campus Terra 2022-2025 modificado.

ACTUACIÓNS	2022	2023	2024 (1ª addenda)	2025 (2ª addenda)	Suma €
1.Gobernanza					
	2022	2023	2024	2025	Suma €
1.1. Implementación Comisión Avaliadora Externas e Dirección	17.700	10.700	10.700	10.700	49.800
1.2. Desprazamentos dietas Comisión Económico-Social e conferencias temáticas	9.500	2.500	2.500	2.500	17.000
	27.200	13.200	13.200	13.200	66.800
2.Docencia e Comunicación					
	2022	2023	2024	2025	Suma €
2.1. Desenvolvemento novo modelo de titulacións	47.490	35.000	31.000	13.000 €	126.490
2.2. Mellorar a calidade docente	228.394	130.000	119.000	95.000 €	572.394
2.3. Favorecer a empregabilidade	41.901	40.581	40.581	20.791 €	143.854
2.4. Plan comunicación reforzo marca Campus Terra	30.000	16.000	26.000	31.000 €	103.000
	347.785	221.581	216.581	159.791	945.738
3.Investigación					
	2022	2023	2024	2025	Suma €
3.1. Reforzo estruturas investigación (novos departamentos, novos centros)	-	45.000	15.000	5.000 €	65.000
3.2. Potenciar a carreira investigadora	231.934	641.752	592.455	420.733 €	1.886.874
3.3. Colaboración entre grupos e participación en redes	135.000	110.000	74.613	16.666 €	336.279
3.4. Participación en proxectos internacionais	24.132	32.000	16.500	0 €	72.632
3.5. Contratación técnico/a de Innovación e Xestión I+D+i	35.868	41.000	49.500	54.044 €	180.412
	426.934	869.752	748.068	496.443	2.541.197
4.Interacción co tecido produtivo					
	2022	2023	2024	2025	Suma €
4.1. Ferramenta dixital contacto único servizos e infraestruturas do Campus	8.153	8.847	4.000	0 €	21.000
4.2. Formación continua sector produtivo	3.800	4.000	4.000	2.000 €	13.800
4.3. Impulso plataformas tecnolóxicas	27.300	24.000	24.000	6.478 €	81.778
4.4. Programas de valorización e protección de resultados	600	22.100	22.100	21.172 €	65.972
4.5. Actividades de transferencia innovación	29.144	25.000	18.000	12.000 €	84.144
4.6. Contratación técnico/a de Transferencia	33.856	41.000	48.000	51.500 €	174.356
	102.853	124.947	120.100	93.150	441.050
5.Información pública e transparencia					
	2022	2023	2024	2025	Suma €
5.2. Informe anual e estudo impacto entorno	1.500	1.500	1.500	1.500	6.000
TOTAIS	906.272	1.230.980	1.099.449	764.084	4.000.785

TERCEIRA.- Modificación do convenio

Consonte ao disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación do convenio.



Así mesmo, de acordo co artigo 49.g da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a falta de regulación expresa, a modificación do convenio requirirá acordo unánime das partes asinantes. Ao amparo deste artigo, a cláusula sétima do convenio crea unha comisión de seguimento para o coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir.

Polo anterior exposto, e tal como se sinala na cláusula quinta da parte expositiva desta Addenda, acéptase a proposta da USC, e, dado que isto non supón incremento de gasto nin de anualidades de execución, por acordo unánime entre as partes decídese modificar o convenio.

Por outra banda, de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume de obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

CUARTA.- Condicións

A presente addenda supón facer algunhas modificacións, para a anualidade 2025, que non implican movementos entre as distintas dimensións e manteñen a cantidade do cómputo anual para 2025 que está establecida en 764.084 €.

A USC comprométese a facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), as entidades beneficiarias deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entres os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

A sinatura desta addenda non afecta nin a contía total (4.000.785 €) nin á vixencia do convenio (31 de decembro de 2025).

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante del.



A presente addenda réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2025, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 da dita Lei, esta addenda deberá ser remitida ao Consello de Contas nos termos que neste se establecen.

QUINTA.- Final

Todas as mencións do convenio asinado o 27 de xullo de 2022 feitas á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, hai que entendelas realizadas á actual Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en virtude do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril).

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado, asinan dixitalmente a presente addenda

Román Rodríguez González

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Antonio López Díaz

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

